



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Xestión, Publicación e Promoción de Contidos Dixita		Código	710G04048
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información Humanidades			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota Gómez Brandón, Adrián	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es adrian.gbrandon@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son: -Coñecer e saber usar as ferramentas básicas de xestión, publicación e promoción de contidos dixitais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e saber usar as ferramentas básicas de xestión, publicación e promoción de contidos dixitais.	A17 A22	B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C6 C7
Coñecer e saber empregar as redes sociais para promoción de contidos.	A17 A22	B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1- Redes sociais : uso, análise e métricas de impacto.	<ul style="list-style-type: none"> - Que é unha rede social? - Evolución das redes sociais. - Características e tipoloxías. - Principais redes sociais. Características e uso. - Estratexias de comunicación e plan de publicacións. - Estratexias para a análise e a monitoraxe. Ferramentas.



2- Presentacións multimedia de diapositivas.	<ul style="list-style-type: none"> - Que é unha presentación multimedia? - Características. Tipoloxías. Elementos. - Planificación e deseño: principios e técnicas. - Ferramentas
3- Publicación web	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción ós estándares web: HTML, CSS e JS - Ferramentas de publicación: xestores de contido - Plugins - Posicionamento (SEO)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	16	0	16
Traballos tutelados	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	3	18	21
Sesión maxistral	A17 A22 B5 B7 B8 B9 B10 B11 C7	8	0	8
Portafolios do alumno	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	3	18	21
Presentación oral	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	1	7	8
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Traballos tutelados	Metodoloxía en relación co tema 3 deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Portafolios do alumno	Cartafol de traballo do alumnado relacionado co tema 1 que deberán realizar progresivamente e entregar no/s prazo/s estipulado á profesora coas distintas actividades propostas na aulas: resumos e exercicios prácticos para o seguimento dos coñecementos adquiridos.
Presentación oral	En relación co tema 2, exporase o traballo tutelado da materia elaborando unha presentación multimedia. Para a súa elaboración, haberán de seguirse as pautas concretas que facilitarán os docentes.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC Presentación oral Portafolios do alumno	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o traballo tutelado, os traballos do portafolios, a presentación oral e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, se empregarán as titorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma Moodle da UDC. Poderán realizarse titorías por Teams, acordandoas previamente por correo electrónico cos profesores.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	Valorarase a calidade dos traballos realizados: adecuación ás pautas marcadas, contido, aplicación dos coñecementos adquiridos, resolución dos problemas, e entrega do traballo no prazo establecido. Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	30
Presentación oral	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	Calidade e orixinalidade do traballo realizado, coherencia co traballo tutelado realizado, correcto uso dos conceptos que son obxecto da materia, adecuación aos requisitos que se establezan, claridade no planteamento e estrutura, capacidade de síntese, correcta expresión oral e escrita.	40
Portafolios do alumno	A17 A22 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C6 C7	Valorarase a calidade dos traballos realizados: adecuación ás pautas marcadas, contido, aplicación dos coñecementos adquiridos, resolución dos problemas, e entrega do traballo no prazo establecido. Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	30

Observacións avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Para aprobar a materia é obrigatorio obter:

Unha NOTA MÍNIMA de 3 (sobre 6) como media do traballo tutelado e do portafolios. Ademais, debe sacarse unha nota mínima do 40% da puntuación en cada unha destas metodoloxías. Unha NOTA MÍNIMA de 2 (sobre 4) na metodoloxía presentación oral. De non obter estes mínimos, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,5.

Non se avaliarán traballos entregados fóra de prazo ou non acordados cos docentes previamente nos prazos que se indiquen.

Terán cualificación de NON PRESENTADO os estudante que non realice entregas en algunha das metodoloxías.

Os traballos copiados ou plaxiados serán cualificados cun 0.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. As condicións da avaliación mantéñense con respecto á primeira oportunidade. Gardaranse as notas dos traballos que resulten aprobados na primeira oportunidade, polo que os estudantes poderán recuperar só a parte ou partes que resultasen suspensas.

Será obrigatorio acordar cos docentes previamente o tema dos traballos tutelados, se non se fixo durante o curso, como mínimo, un mes antes da data fixada para o exame pola Facultade.

Terán cualificación de NON PRESENTADO os estudantes que non presenten traballos en algunha das metodoloxías que precisen recuperación.

DISPENSA ACADÉMICA

Dado que a asistencia ás sesións presenciais non é obligatoria, aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases terán as mesmas condicións que o resto do alumnado.



Fontes de información

Bibliografía básica

- ABAJO SUÁREZ, María; HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, Santiago (2016). Domina las redes sociales. Madrid: Udim
 - ÁLVAREZ MARAÑÓN, Gonzalo (2000). El arte de presentar.. Barcelona: Gestión
 - DUARTE, Nancy (2011). Slide:ology : arte y ciencia para crear presentaciones convincentes. Barcelona: Conecta
 - MACIÁ, Fernando y María SANTOJA (2016). Marketing en redes sociales. Madrid: Anaya
 - ORTIGOSA, M. T.; DOMÍNGUEZ, C.; BUSTAMANTE A. T. (2019). ?Guía para la elaboración de un plan social media para bibliotecas?. Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios, núm. 118, pp 95-113.
 - PONCE, Isabel (2012). Monográfico: Redes sociales, en Observatorio tecnológico, Ministerio de Educación Cultura y Deporte, Gobierno de España. . Disponible en:
<http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ca/internet/web-20/1043-redes-socia>
 - REYNOLDS, Garr (2009). Presentación Zen.. Madrid: Pearson Educación
- Os profesores poderán proporcionar nas clases bibliografía específica e webgrafía para cada un dos temas e actividades a desenvolver.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías